

Materiais elaborados por:  
Ramón Noche Fraga  
Miguel Carricoba Armesto

Realizados durante unha licenza  
de formación no curso 2013/14



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

# Xeacronos

## CCSSO 1ºESO

## PRESENTACIÓN

¿Que?  
¿Quen?  
¿Como?  
¿Cando?  
¿Onde?

\* Anexo: Relación dos contidos dos temas cos contidos curriculares da materia (Decreto 133/2007)

---

## ¿Que?

*Xeacronos* é un proxecto que xorde como unha posible resposta ao reto da integración das TIC na aula dentro da materia de **Ciencias Sociais de 1º de ESO**. Consiste nunha **secuenciación didáctica completa** do conxunto de contidos curriculares para esa materia e curso, distribuídos en once unidades didácticas.

O primeiro elemento que debemos ter en conta sobre *Xeacronos* é o seu **carácter aberto**: todos os contidos (apuntamentos teóricos, actividades, obradoiros...) ademais de basearse nas licenzas **Creative Commons**, son facilmente editables en función dos intereses e das necesidades do profesorado que queira usalos.

Ademais da modificación dos contidos presentes en *Xeacronos*, o entorno moodle para o que está deseñado permite a **fácil inserción de novos contidos**, o que remarca aínda máis a flexibilidade e adaptabilidade de *Xeacronos*.

Se ben *Xeacronos* ten uns trazos eminentemente relacionados co mundo das novas tecnoloxías, a existencia dunha versión dos contidos teóricos en formato odt para a súa descarga e edición permiten, coas adaptacións precisas, que se aplique en aulas sen dotación informática.

## ¿Quen?

*Xeacronos* puido levarse a cabo como proxecto grazas ao traballo e á xenerosidade dunha gran cantidade de docentes de Ciencias Sociais e doutras materias que optaron por empregar ás licenzas Creative Commons para os seus apuntamentos e actividades. Neste sentido podemos constatar como a web pode servir de canle de comunicación entre os docentes para difundir materiais de calidade, reutilizables e, o máis importante, deseñados por persoas que están en contacto directo e diario coa aula, algo fundamental e que marca a diferenza.

A este respecto temos que sinalar a Isaac Buzo e a Daniel Gómez Valle como fontes de referencia para unha boa parte dos contidos de *Xeacronos*, así como a José Luis Rodríguez Rodríguez, autor dunhas actividades en formato LIM a disposición de todo o profesorado galego no repositorio ABALAR.

Aínda que podan quedar moitos nomes no tinteiro gostaríanos expresar o noso agradecemento, ademais de aos arriba citados, a Juan López Bedoya (o seu

asesoramento en cuestións xeográficas foi fundamental para superar algúns atrancos), aos responsables do Proxecto Terra con Manuel Rosales á cabeza, por permitírnos e animarnos a incluír o seu material en *Xeacronos*, a Google España, que nos indicou os pasos para empregar materiais derivados das súas ferramentas, a Nieves Concostrina, que nos autorizou amablemente a empregar audios descatalogados en RTVE ou ao profesorado autor dos materiais do proxecto EDAD (Intef e CIDEAD)

Como último, pero non menos importante nome, sinalar a Alberto Abadín Cid, autor do proxecto *Planeta Auga* para a materia de Ciencias da Natureza de 1º de ESO, que foi o primeiro punto de referencia para *Xeacronos* tanto en formato como en contidos.

Mención aparte merecen todos os usuarios de wikimedia commons, flickr e o banco de imaxes do INTEF; sen a súa xenerosidade á hora de empregar licenzas CC para as súas imaxes, animacións, vídeos e demais, os contidos visuais de *Xeacronos* serían moitos menos.

Para rematar, non queremos esquecer que o verdadeiro eixo en torno ao que *Xeacronos* pretende xirar é o noso alumnado. Foi da nosa práctica docente de onde xurdiu a necesidade de apostar por entornos de aprendizaxe abertos, e o noso criterio fundamental á hora de deseñar os contidos das unidades didácticas foi valorar as súas posibilidades educativas no marco dun proceso de ensino - aprendizaxe no que os protagonistas sexan os alumnos e alumnas que temos nas nosas aulas.

## ¿Como?

*Xeacronos* estrutúrase en **once unidades** didácticas composta cada unha delas de **cinco apartados**:



### 1. *Apuntamentos*

Dispós de dous documentos co mesmo contido pero en distinto formato:

- Un en formato *.odt* para poder editalo cun procesador de textos convencional.
- Outro en formato *Libro* de Moodle, que permite unha mellor visualización do documento en internet.

A idea foi crear un documento base, partindo do proxecto curricular da nosa materia, sobre o que traballar o tema e que **pode ser editado e modificado facilmente en cada un dos dous formatos.**



## **2. Recursos**

Neste apartado dispós dos recursos web relacionados co tema que usamos nos apuntamentos anteriores e que aparecen sinalados principalmente cos iconos de:



\*Vídeo



\*Flash



\*Presentación



## **3. Actividades**

Neste apartado tes unha serie de actividades de repaso dos contidos e de profundización dos mesmos en diversos formatos: cuestionarios autoavaliáveis de moodle, tarefas de moodle, actividades LIM...



## **4. Obradoiro TIC**

Presentámosche unha actividade para que o alumnado desenvolva habilidades relacionadas con distintas ferramentas TIC.



## **5. Enlaces**

Aquí tes outros recursos web para que o alumnado reforce ou profundice distintos aspectos do tema.

En cada unidade didáctica hai ademais un foro concibido para ser un espazo no que o alumnado e o profesorado exprese cuestións do seu interese en relación coa unidade, e tamén unha guía didáctica na que se detallan os contidos de cada un dos cinco apartados.

## ¿Cando?

*Xeacronos* é o resultado do traballo desenvolvido durante unha licenza de tres meses durante o curso 2013 - 2014. A necesidade de axustar o proxecto aos prazos marcados fai que os materiais se atopen nunha versión *beta* tanto no sentido de que todos os seus elementos poden ser editados polo profesorado como en que posiblemente haxa erratas e erros motivados polo ritmo co que tiveron que ser realizados.

Vaian por diante as nosas excusas polos erros que se podan atopar, que son unicamente atribuíbles aos dous autores; pero, por mirarlle o lado positivo, non debemos esquecer que calquera tipo de “manual” para unha materia debe ser tratado sempre desde unha perspectiva crítica, tanto polo profesorado como polo alumnado. De feito hoxe en día co volume oceánico da información da que dispoñemos coas novas tecnoloxías un dos nosos papeis fundamentais como docentes é ensinar a recoñecer os acertos e os erros das fontes de información que teñan diante.

Ademais, e partindo dese principio wikipédico que di que se hai suficientes ollos mirando todos os erros son subsanables, invitamos non soamente ao profesorado que use *Xeacronos* a corrixilos na súa aula virtual, senón a enviarnos comunicación dese erro para que nós o poidamos corrixir da versión descargable. Para iso estará operativo o enderezo [xeacronos@gmail.com](mailto:xeacronos@gmail.com).

## ¿Onde?

Diciamos no primeiro epígrafe que, ao estar deseñado como curso da plataforma moodle, o espazo natural de *Xeacronos* é a web e máis en concreto as aulas ABALAR polo grande abano de posibilidades que permite o seu equipamento; pero, tendo en conta que aínda persiste a fenda dixital na realidade educativa galega,

optamos por que todos os apuntamentos e determinadas actividades fosen descargables, editables e imprimibles para o seu traballo empregando o soporte papel.

A este respecto é aconsellable a instalación da suite ofimática libre e de código aberto LibreOffice, xa presente na maqueta ABALAR e de fácil descarga na web de [The Document Foundation](#).

Como curso de moodle, o primeiro paso é **instalar o curso** na aula virtual do noso centro e para iso pódense seguir neste [enlace coas instrucións](#).

Unha vez que teñamos instalado o curso e que estean **activados os nosos permisos de edición** poderemos axear os contidos de *Xeacronos* aos nosos intereses **modificando ou eliminando** o que non nos sirva e **engadindo** o que consideremos oportuno.

Neste enlace tes as [instrucións de edición básicas: editar/suprimir/ver](#)

**NOTA:** Aínda que non modifiques os contidos do curso, é importante que edites e modifiques as datas nas que as actividades están dispoñibles, en especial as datas das **leccións** xa que son un recurso no que Moodle esixe poñerlle datas de inicio e final. Tes un [minitutorial para o cambio de datas neste enlace](#).

**Anexo: Relación dos contidos dos temas e dos contidos curriculares da materia (Decreto 133/2007)**

Tema / Contidos	Contidos curriculares
<p><b>1.- A representación da Terra</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 A forma da Terra.</li> <li>• 2 Os movementos da Terra.</li> <li>• 3 A rede xeográfica.</li> <li>• 4 Orientándonos.</li> <li>• 5 Os mapas. <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 5.1 A escala</li> <li>○ 5.2 As proxeccións cartográficas.</li> <li>○ 5.3 Os sistemas topográficos.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A representación da Terra. Aplicación de técnicas de orientación e localización xeográfica.</li> <li>• Lectura e interpretación de imaxes e mapas de diferentes escalas e características. Percepción da realidade xeográfica mediante a observación directa ou indirecta. Interpretación de gráficos e elaboración destes a partir de datos.</li> <li>• Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.</li> <li>• Realización de debates sobre temas de actualidade que poidan ter referentes na antigüidade ou nos contidos xeográficos.</li> </ul>
<p><b>2.- As formas da Terra: relevo e hidrografía</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 Composición da Terra</li> <li>• 2 Océanos e continentes</li> <li>• 3 A formación do relevo <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 3.1 Axentes internos</li> <li>○ 3.2 Axentes externos</li> </ul> </li> <li>• 4 Formas de relevo</li> <li>• 5 Outro vocabulario de accidentes xeográficos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Localización no mapa e caracterización de continentes, océanos, mares, unidades do relevo e ríos no mundo, en Europa, en España e en Galicia.</li> <li>• Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.</li> </ul>
<p><b>3.- Tempo e clima</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 TEMPO E CLIMA</li> <li>• 2 ELEMENTOS METEOROLÓXICOS <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 2.1 A Temperatura</li> <li>○ 2.2 Factores que modifican a temperatura</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Caracterización dos principais medios naturais, identificando os compoñentes básicos do relevo, os climas, as augas e a vexetación; comprensión das interaccións que manteñen. Observación e interpretación de imaxes representativas destes. Valoración da diversidade como riqueza que hai que</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>○ 2.3 Humidade e precipitacións</li> <li>○ 2.4 Factores que modifican as precipitacións</li> <li>○ 2.5 Tipos de precipitacións</li> <li>○ 2.6 A presión atmosférica</li> <li>○ 2.7 O vento</li> <li>○ 2.8 Tipos de vento</li> </ul>	<p>conservar.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.</li> </ul>
<p><b>4.- Os climas e as súas paisaxes</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● 1 Zonas climáticas da Terra</li> <li>● 2 Climas cálidos <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 2.1 Clima ecuatorial</li> <li>○ 2.2 Clima tropical chuvioso</li> <li>○ 2.3 Clima tropical seco</li> <li>○ 2.4 Clima desértico</li> </ul> </li> <li>● 3 Climas temperados <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 3.1 Clima subtropical (chinés)</li> <li>○ 3.2 Clima mediterráneo</li> <li>○ 3.3 Clima oceánico</li> <li>○ 3.4 Clima continental</li> </ul> </li> <li>● 4 Climas fríos <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 4.1 Clima polar</li> <li>○ 4.2 Clima de alta montaña</li> </ul> </li> <li>● 5 As paisaxes en España</li> <li>● 6 As paisaxes en Galicia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Caracterización dos principais medios naturais, identificando os compoñentes básicos do relevo, os climas, as augas e a vexetación; comprensión das interaccións que manteñen. Observación e interpretación de imaxes representativas destes. Valoración da diversidade como riqueza que hai que conservar.</li> <li>• Principais unidades paisaxísticas en Galicia e España.</li> <li>• Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.</li> </ul>
<p><b>5.- O ser humano e o medio</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● 1 A relación entre o ser humano e o medio.</li> <li>● 2 Os riscos. <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 2.1 Riscos naturais: Terremotos e volcáns.</li> <li>○ 2.2 Riscos antrópicos: A contaminación da auga</li> <li>○ 2.3 Riscos antrópicos. A contaminación atmosférica</li> <li>○ 2.4 Riscos antrópicos. A contaminación dos solos.</li> </ul> </li> <li>● 3 Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os grupos humanos e a utilización do medio: análise das súas interaccións. As paisaxes naturais e humanizadas.. A organización do territorio en Galicia: a dispersión da poboación en pequenos asentamentos (aldeas), as parroquias, as vilas e as áreas urbanas.</li> <li>• Riscos. Estudo dalgún problema ambiental como, por exemplo, a acción humana sobre a vexetación, o problema da auga ou o cambio climático. Toma de conciencia das posibilidades que o medio ofrece e disposición favorable para contribuír ao mantemento da biodiversidade e a un desenvolvemento sustentable.</li> </ul>

<ul style="list-style-type: none"> <li>○ 3.1 A organización do territorio en Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.</li> </ul>
<p><b>6.- Identidade territorial (proxecto TERRA coag)</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 Actividades iniciais</li> <li>• 2 Modificacións históricas da paisaxe. <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 2.1 Os asentamentos castrexos.</li> <li>○ 2.2 A pegada dos romanos.</li> <li>○ 2.3 Aldea e parroquia na Idade Media</li> <li>○ Os séculos modernos.</li> <li>○ Os cambios contemporáneos.</li> </ul> </li> <li>• 3 Os problemas actuais. <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 3.1 Densificación e caos construtivo.</li> <li>○ 3. 2 Conxestión, tempo e infraestruturas viarias.</li> </ul> </li> <li>• 4 Cara ao futuro. <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 4.1 A eurorrexión Galicia - norte de Portugal.</li> <li>○ 4.2 A necesidade da planificación.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os grupos humanos e a utilización do medio: análise das súas interaccións. As paisaxes naturais e humanizadas.. A organización do territorio en Galicia: a dispersión da poboación en pequenos asentamentos (aldeas), as parroquias, as vilas e as áreas urbanas.</li> <li>• Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.</li> <li>• Realización de debates sobre temas de actualidade que poidan ter referentes na antigüidade ou nos contidos xeográficos.</li> <li>• Elaboración de traballos de campo sobre a realidade xeográfica máis próxima e/ou o patrimonio arqueolóxico do contorno.</li> </ul>
<p><b>7.- Espazo e tempo na historia</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 Introducción. As fontes históricas.</li> <li>• 2 O tempo na historia. <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 2.1 Anos e séculos.</li> </ul> </li> <li>• 3 O espazo na historia.</li> <li>• 4 Os protagonistas da historia.</li> <li>• 5 Causas e consecuencias na historia.</li> <li>• 6 Os teus primeiros pasos como historiador/a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Localización no tempo e no espazo dos períodos, culturas e civilizacións e acontecementos históricos. Representación gráfica de secuencias temporais.</li> <li>• Identificación de causas e consecuencias dos feitos históricos e dos procesos de evolución e cambio relacionándoos cos factores que os orixinaron.</li> <li>• Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.</li> <li>• Realización de debates sobre temas de actualidade que poidan ter referentes na</li> </ul>

	antigüidade ou nos contidos xeográficos.
<p><b>8.- A Prehistoria: do Paleolítico ao Neolítico</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 O proceso de hominización</li> <li>• 2 O Paleolítico <ul style="list-style-type: none"> <li>◦ 2.1 Sociedade e economía</li> <li>◦ 2.2 Cultura e arte</li> </ul> </li> <li>• 3 O Neolítico <ul style="list-style-type: none"> <li>◦ 3.1 Sociedade e economía</li> <li>◦ 3.2 Cultura e arte</li> </ul> </li> <li>• 4 A Idade dos Metais <ul style="list-style-type: none"> <li>◦ 4.1 Sociedade e economía</li> <li>◦ 4.2 Cultura e arte</li> </ul> </li> <li>• 5 A Prehistoria na Península Ibérica</li> <li>• 6 A Prehistoria en Galicia <ul style="list-style-type: none"> <li>◦ 6.1 A cultura castrexa</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cazadores e recolectores, os primitivos actuais. Cambios producidos pola revolución neolítica. Aspectos significativos da prehistoria no territorio peninsular.</li> <li>• Localización no tempo e no espazo dos períodos, culturas e civilizacións e acontecementos históricos. Representación gráfica de secuencias temporais.</li> <li>• Identificación de causas e consecuencias dos feitos históricos e dos procesos de evolución e cambio relacionándoos cos factores que os orixinaron.</li> <li>• Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.</li> <li>• Coñecemento dos elementos básicos que caracterizan as manifestacións artísticas máis relevantes, contextualizándoas na súa época. Valoración da herdanza cultural e do patrimonio artístico, particularmente o propio, como riqueza que hai que preservar e colaborar na súa conservación.</li> <li>• As primeiras formas de poboamento e distribución da poboación en Galicia. A cultura castrexa.</li> </ul>
<p><b>9.- As civilizacións urbanas: Mesopotamia e Exipto</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 O marco xeográfico das primeiras civilizacións.</li> <li>• 2 Os cambios das primeiras civilizacións.</li> <li>• 3 Mesopotamia. <ul style="list-style-type: none"> <li>◦ 3.1 Etapas.</li> <li>◦ 3.2 Economía e sociedade.</li> <li>◦ 3.3 Cultura e arte.</li> </ul> </li> <li>• 4 Exipto. <ul style="list-style-type: none"> <li>◦ 4.1 Etapas.</li> <li>◦ 4.2 Economía e sociedade.</li> <li>◦ 4.3 Cultura e arte.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• As primeiras civilizacións urbanas. Orixe do poder político e patriarcado.</li> <li>• Localización no tempo e no espazo dos períodos, culturas e civilizacións e acontecementos históricos. Representación gráfica de secuencias temporais.</li> <li>• Identificación de causas e consecuencias dos feitos históricos e dos procesos de evolución e cambio relacionándoos cos factores que os orixinaron.</li> <li>• Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.</li> <li>• Coñecemento dos elementos básicos que caracterizan as manifestacións artísticas</li> </ul>

	<p>máis relevantes, contextualizándoas na súa época. Valoración da herdanza cultural e do patrimonio artístico, particularmente o propio, como riqueza que hai que preservar e colaborar na súa conservación.</p>
<p><b>10.- O mundo clásico (I): Grecia</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 1 O marco xeográfico da civilización grega.</li> <li>• 2 A cronoloxía da civilización grega.</li> <li>• 3 A democracia ateniense</li> <li>• 4 Economía e sociedade gregas.</li> <li>• 5 Cultura e arte gregas. <ul style="list-style-type: none"> <li>○ 5.1 Cultura.</li> <li>○ 5.2 Arte. Arquitectura.</li> <li>○ 5.3 Arte. Escultura.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O mundo clásico: Grecia. As sociedades escravistas. A democracia ateniense. A cidade e a forma de vida urbana. Achegas da cultura e da arte clásicas.</li> <li>• Localización no tempo e no espazo dos períodos, culturas e civilizacións e acontecementos históricos. Representación gráfica de secuencias temporais.</li> <li>• Identificación de causas e consecuencias dos feitos históricos e dos procesos de evolución e cambio relacionándoos cos factores que os orixinaron.</li> <li>• Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.</li> <li>• Coñecemento dos elementos básicos que caracterizan as manifestacións artísticas máis relevantes, contextualizándoas na súa época. Valoración da herdanza cultural e do patrimonio artístico, particularmente o propio, como riqueza que hai que preservar e colaborar na súa conservación.</li> </ul>
<p><b>10.- O mundo clásico (II): Roma</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O mundo clásico: Roma. As sociedades escravistas. As formas de organización económica, social, administrativa e política romanas. O proceso de romanización e as súas consecuencias na Hispania. A cidade e a forma de vida urbana. Achegas da cultura e da arte clásicas. Pervivencias do mundo cultural romano na Gallaecia.</li> <li>• Orixe e expansión do cristianismo. Fin do imperio romano e fraccionamento da unidade mediterránea. O reino suevo como exemplo de adaptación de comunidades endóxeas e esóxeas.</li> <li>• Localización no tempo e no espazo dos períodos, culturas e civilizacións e acontecementos históricos. Representación</li> </ul>

	<p>gráfica de secuencias temporais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificación de causas e consecuencias dos feitos históricos e dos procesos de evolución e cambio relacionándoos cos factores que os orixinaron.</li> <li>• Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.</li> <li>• Coñecemento dos elementos básicos que caracterizan as manifestacións artísticas máis relevantes, contextualizándoas na súa época. Valoración da herdanza cultural e do patrimonio artístico, particularmente o propio, como riqueza que hai que preservar e colaborar na súa conservación.</li> </ul>
--	--